



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO



# ORIENTACIÓN DEPORTIVA CAMPIONATO GALEGO ESCOLAR 2011

PONTEVEDRA

MÉRCORES 13 DE ABRIL ÁS 11:00H  
CENTRO HISTÓRICO

CLASIFICATORIO PARA O CAMPIONATO DE ESPAÑA A CELEBRARSE  
EN MÉRIDA (CÁCERES) DO 28 DE ABRIL Ó 1 MAIO.

**Inscricións:** A traves do coordinador de deporte escolar da Xunta de Galicia antes do mércores 6 de abril.

**Categorías:** INFANTIL FEMININO nacidas no 97 e 98  
INFANTIL MASCULINO nacidos no 97 e 98  
CADETE FEMININO nacidas no 95 e 96  
CADETE MASCULINO nacidos no 95 e 96

**Mapa:** CENTRO HISTÓRICO DE PONTEVEDRA  
Escala 1/5000  
Equidistancia 5m.  
Revisión e trazados: ÁNGEL ÁLVAREZ SERTO 03/2011

Será aportado pola Organización no momento da saída.

**Brúxula:** Por conta dos corredores.

**Terreo:** Urbano: rúas, prazas, edificacións, galerías e xardins. A progresión pode ser moi rápida. Relevo fundamentalmente chan con alternancia de zonas de forte pendente.

**Hora inicio:** 10,00H. entrega de dorsais e tarxetas de control  
11,00H. saída dos primeiros corredores  
13,30H. entrega de premios aos tres primeiros clasificados de cada categoría

### Cómo chegar:

Dende a saída 132A da AP-9:

[http://maps.google.es/maps?f=d&source=s\\_d&saddr=Salida+132A&daddr=Calle+de+la+Alameda%2FN-558&hl=es&geocode=Fdw3hwIduvh7\\_w%3BFeVvhwIdlQN8\\_w&mra=ls&sl=42.430307,-8.649631&ssp=0.001738,0.003428&ie=UTF8&ll=42.416092,-8.652614&spn=0.027818,0.054846&t=h&z=14](http://maps.google.es/maps?f=d&source=s_d&saddr=Salida+132A&daddr=Calle+de+la+Alameda%2FN-558&hl=es&geocode=Fdw3hwIduvh7_w%3BFeVvhwIdlQN8_w&mra=ls&sl=42.430307,-8.649631&ssp=0.001738,0.003428&ie=UTF8&ll=42.416092,-8.652614&spn=0.027818,0.054846&t=h&z=14)

Os colexios que desexen solicitar **servicio de autobús** pódeno facer no teléfono 986 805 544

No croquis que se adxunta sinálanse os lugares para desembarco dos participantes. O itinerario a pé que éstos teñen que seguir obrigatoriamente, baixo pena de descalificación, ata a zona de concentración. É a zona de estacionamento para os autobuses.

### Avituallamento:

- Non haberá avituallamentos intermedios.
- Disporáse de auga ó final dos percorridos para os corredores.
- A Xunta de Galicia proveerá un "picnic" despois da entrega de premios a base de bocadillos, bebidas, froitas, etc...

### Percorridos:

PERCORRIDO	CATEGORÍAS	DIST.	DESNIVEL	Nº CONTROIS
PERC. 1	INFANTIL FEMENINO	1,6km	15m	11
PERC. 2	INFANTIL MASCULINO	1,7km	20m	11
PERC. 3	CADETE FEMENINO	1,9km	15m	13
PERC. 4	CADETE MASCULINO	2,1km	20m	16

### OBSERVACIÓNS, NORMAS E RECOMENDACIÓNS:

- Os participantes deben entrar na zona de cuarentena (Praza da Ferreiría) antes das 10:30h onde deberán permanecer concentrados ata o intre da súa saída.
- Non se permitirá a saída de corredores sen o seu **dorsal**.
- É obrigatorio realizar o percorrido na orde indicada no mapa. ¡Ollo ó código da baliza!
- Non se permite seguir a outros corredores, a carreira é individual.
- Non se permite falar con outros corredores.
- É **obligatorio pasar pola meta**, aínda que se produza o abandono, para que lle poida constar este feito á Organización.
- Rematada a carreira non se poderá acceder á zona de cuarentena ata a saída do último corredor.
- Para a realización do percorrido, o competidor só pode contar coa axuda dunha brúxula, ademais do mapa proporcionado pola Organización.
- Haberá observadores comprobando que se cumpren tódalas normas.
- Calquer aspecto non recollido nas normas anteriores regularase a través dos correspondentes regulamentos da modalidade O-Pé da AGaCO, FEDO e IOF.
- Non hai que esquecerse de levar outra muda.
- A competición baséase no respecto:
  - Ós viandantes
  - Á natureza
  - Ó mobiliario urbano e á propiedade privada
  - Ós outros competidores
  - Ás indicacións do persoal da organización da proba
  - É moi importante ofrecer axuda a calquera participante que se atope en problemas ou mancado.

**Seguridade:** Os trazados dos percorridos están pensados para evitar as zonas perigosas para os participantes. Ningún control estará situado en lugares que impliquen risco algún para os participantes. No mapa estarán sinaladas (raiadas en cor púrpura) as zonas proibidas.

Aínda que os percorridos están trazados na súa totalidade na zona peonil, é posible atoparse algún vehículo autorizado, que circulará a velocidade moi reducida, pero que aínda así poden resultar perigosos para os participantes. Convén extremar a precaución principalmente ó dobrar esquinas.

En todo momento haberá unha **Ambulancia** na zona de concentración para garantir a seguridade dos participantes

**ORGANIZA:**

Sección de Orientación (A ROELO) do clube MONTAÑEIRO DE PONTEVEDRA.

[aroelo@hotmail.com](mailto:aroelo@hotmail.com)

630 437 762



**COLABORAN:**

Universidade de Vigo



BRILAT



CASINO MERCANTIL E  
INDUSTRIAL PONTEVEDRA



CONCELLO DE  
PONTEVEDRA